



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 25 de xuño de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 25 de xuño de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 18/06/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/2780

Vistas solicitudes de D. José Manuel Cores Soto, titular do establecemento "COCO" situado na Rúa Méndez Núñez 27-baixo e AYM, CB, titular do establecemento "LA BOLSA", situado na Rúa Méndez Núñez 21-BAIXO, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, a Xunta de Goberno Local **informa favorablemente a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán**, tendo en conta o tipo de licenza municipal de apertura/actividade coa que conta cada uns dos locais, sendo da seguinte maneira:

Nº DE EXPTE.	ESTABLECEMENTO	TITULAR	TIPO DE ACTIVIDADE	DE LUNS A MERCORES	DE XOVES A DOMINGO, FESTIVOS E VISPERA DE FESTIVOS
06/18-AMP.	OCO	D. JOSE MANUEL CORES SOTO	2.7.2. CAFÉ-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.
07/18-AMP.	LA BOLSA	AYM CB	2.2.2 CAFE-BAR	Pasa de 02:30 hs. a 03:30 hs.	Pasa de 03:00 hs. a 04:00 hs.



Dáse conta do escrito presentado por **Dona Patricia Mollinedo García** solicitando autorización para realizar clases lúdicas de baile na zona axardinada da Praia Compostela os meses de xullo e agosto, de luns a venres, de 11 a 13 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se podería autorizar a realización da actividade con carácter esporádico pero non de forma continuada, polo que, caso de interesarlle poderá solicitar a autorización para algunha data concreta.

PRP2018/2782

Dáse conta do escrito remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra en relación co expediente sancionador SAN01/18/36/0003 polo que se sanciona ao Concello, por asfaltado de terreos sen autorización en O Castelete, no que indican que os citados terreos continúan pertencendo ao dominio público marítimo-terrestre, baixo a súa competencia. Asimesmo comunican que os planos aportados polo Concello reflexan unha proposta que no seu momento solicitaba a adscrición deses terreos a Portos de Galicia, pero que nesta data non se resolveu esa petición.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2783

Visto o informe da Policía Local en relación coas prazas de estacionamento na Avda. Xoán Carlos I, na súa confluencia coa rúa Marxión, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar o traslado das prazas de estacionamento para motos, ata a primeira praza de estacionamento de turismos, sinalizando no seu lugar unha illeta que impida o estacionamento así como a colocación de dous fitos plásticos.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/2784

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. José Manuel Recouso Padín (Cristalería Xiabre)** para a reposición dos cristais da porta principal e ventá da Portería da Casa do Concello, por atoparse esnaquizados a raíz dunha actuación externa que tivo lugar o 17 de xuño de 2018, por un importe total de 408,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2785

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rebeca Tobio Ferreirós, en representación de **Nipocar Galicia SL** solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza Ravella, o día 5 de xullo e na Praza de Galicia os días 6 e 7 de xullo para a exposición de dous vehículos híbridos Toyota.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada por non considerala unha actividade adecuada para a súa realización na vía pública.

PRP2018/2786

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marián Vélez Silva, responsable comarcal de **Cruz Roja Española**, solicitando autorización para colgar das árbores do Xardín de Ravella uns



carteis conmemorativos do “Día Munidal de las Personas Refugiadas”, o día 19 de xuño de 2018.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2018/2787

Dáse conta do escrito remitido polo Ministerio de Fomento, **Subdirección General de Inspección de Transporte Terrestre**, de contestación a varias cuestións que se lle formulaban por escrito dende o Concello a raíz dun acordo plenario, en relación coa prestación do servizo ferroviario.

Indicando que a modificación do Servizo do Eixo Atlántico de media distancia a cercanías e competencia do Consejo de Ministros. Con respecto ó Servizo Atendo, implantado na estación de Vilagarcía de Arousa, debe solicitarse con 12 horas de antelación. Por último, a cuestión da modificación de horarios debe esta avalada por un número significativo de clientes.

PRP2018/2789

Dáse conta da proposta de renovación do convenio de delimitación de competencias entre Policía Local de Vilagarcía de Arousa e Garda Civil de Tráfico de Pontevedra, que substituirá ao convenio de 2011, cuxa única modificación consiste en que se reducen 100 metros da zona da Policía Local, entre a curva da Rosa e a rotonda de enlace coa circunvalación, por petición da Garda Civil aos efectos de realización de controis.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a sinatura do citado convenio.

PRP2018/2790

Dáse conta de in forme da Policía Local en relación co requirimento efectuado polos danos no mobiliario urbano causados por D. Jetro Carlos Baño Mayol á altura do nº 10 da Av. Doutor Moreira Casal, consistentes na rotura dunha papeleira o día 14 de xuño.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2791

Dáse conta de escrito da **Dirección Xeral de Mobilidade** comunicando a tramitación do expediente de modificación do contrato de xestión do servizo público de transporte V-3154; XG-353, do que é contratista a Empresa Benito Abalo SL.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2792

Dáse conta do escrito presentado por D. Iñigo Bellido Fonseca, en representación de **Vehículos Pérez Rumbao SA (VEPERSA)** solicitando autorización para instalación dun totem



publicitario de 170 cm. de altura e 80 cm de ancho, na beirarrúa da Avda. As Carolinas, a carón da Rotonda das Mans.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, dado que non se considera adecuada a colocación deste tipo de instalacións en zonas públicas.

PRP2018/2793

Dáse conta do escrito presentado por D. Ruben Fernandez Iglesias, en representación da **Comisión de Festas de Trabanca Sardiñeira**, solicitando autorización para corte Praza da Avda. Os Anxos con motivo das festas o día 17 de xuño.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2794

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo López Rodríguez, en representación de **Agrupación Deportiva Cortegada**, solicitando autorización para realizar unha romaría familiar o día 16 de xuño na zona arborada da Praia da Concha.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que se trata de zona de Costas (Demarcación de Costas de Pontevedra).
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2795

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Barreras de Seguridad SL** para o subministro e dotación de material de sinalización informativa en materia de tráfico, por un importe total de 1.051,49 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/2796

Dáse conta do escrito presentado por D. Iván Muñiz Rodríguez, en representación da **Asociación Cultural San Xoán de Bamio**, solicitando a colaboración municipal con motivo da celebración das festas na honra de San Xoán e San Antón en Bamio os días 22, 23 e 24 de xuño no campo da festa (uso dos baños existentes no Campo da Festa, adecentamento do campo e arredores, colocación de valos para sinalización de dúas prazas de estacionamento para discapacitados, etc.)

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2797

Dáse conta de escrito de D. Pedro Iglesias Barreiro, como Secretario do **Centro Cultural Sixto**, solicitando a colaboración municipal para a celebración do II Descenso de Carrilanas do Monte Lobeira, os días 21 e 22 de xullo.

Dáse conta de informe da Fundación de Deportes no que se indica que non se pode ceder o podio da Fundación xa que estará ocupado para o día 21 con motivo do desenvolvemento da XV Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a colaboración municipal nos temas que sexa posible, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá contar coa autorización dos organismos titulares das Estradas polas que se vai a desenvolver o descenso.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Protección Civil e Emerxencias e Área de Comunicación Social para que presten a colaboración precisa.

PRP2018/2921

Dáse conta do escrito presentado por D. Roque Manuel López Teijeiro, titular do establecemento "CHURRUCA", situado en Rúa A Baldosa nº 11, solicitando autorización para celebración dun evento musical ao aire libre na terraza situada entre os locais CHURRUCA e A BALDOSA, o día 30 de xuño, en horario de 21:00 a 00:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/2922

Dáse conta do escrito presentado por **D. Jorge Miguez Paz**, titular do establecemento “CAFÉ-BAR CHIRIN JITO”, situado en Rúa Baldosa nº 23-baixo, solicitando autorización para celebración dunha serie de concertos/actuacións ao aire libre na terraza do establecemento, os sábados de xuño, xullo, agosto e setembro, comezando o 30 de xuño ata o 29 de setembro, en horario de 22:00 a 00:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/2808

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de xuño de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 37.112,69 € con cargo á partida 323.48007.

PRP2018/2809

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á entidade “Fundación Acción contra el hambre” por importe de 11.484,23 € para o desenvolvemento do proxecto Vives Emplea perante o período de xaneiro a decembro de 2018 con cargo á partida 231.489, segundo os termos establecidos no convenio.

A Xunta de Goberno Local queda sabeodra.



Emprego

PRP2018/2811

Visto o informe da Técnica de Promoción de Emprego en relación co resultado da xustificación do programa **Conservación Rehabilitación e Acondicionamento de Infraestruturas e Zonas Verdes 2017**, correspondentes ao Programa de subvencións para a contratación de persoas desempregadas perceptoras da RISGA, a Xunta de Goberno Local acorda o reintegro das cantidades que a seguir se din a favor do Tesouro da Xunta de Galicia:

- **Conservación, Rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas e zonas verdes (Expte. TR351F 2017/27-5):**

Subvención ingresada pola Administración: 124.456,50€

Subvención xustificada polo Concello: 116.005,01€

Diferenza (importe a reintegrar): 8.451,49€.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/2813

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos, por importe de 14.963,63 € a favor da habilitada Dona Luz María Abalo Pérez para proceder ao aboamento de diversos gastos do Festival Internacional de Música Clasclas, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 3261.223, por importe de 1.800 € para gastos de transporte.
- Con cargo á partida 3261.22606, por importe de 11.513,63 € para gastos de viaxes dos Mentores, SUMMIT e outros e gastos de restauración.
- con cargo á partida 3261.223, por importe de 1.650,00 € para gastos de becas.

PRP2018/2814

Vista a proposta da Directora do Conservatorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da contratación dunha póliza de accidentes a Allianz a través de Willis Galicia Correduría de Seguros, S.A., para os participantes no Festival Internacional de Música ClasClas dende o 28-06-2018 ao 08-07-2018, por un importe de 74,57€, con cargo á partida 3261-224.

Sanidade

PRP2018/2815

Vista a solicitude de **D. Jose Manuel Pazos García** titular da licenza de taxi nº 37 de autorización para levar publicidade nas portas posteriores do vehículo auto-taxi. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación de publicidade coa lenda “Viajes Carballo”, cunhas medidas de 25 de alto por 50 de longo.

No caso de producirse algún cambio na publicidade autorizada deberá comunicalo ó Concello para comprobar que se axusta á normativa vixente e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.



PRP2018/2846

Dáse conta da solicitude de **D. Javier Millán Vilanova**, titular da licenza municipal de auto-taxi (con taxímetro) nº 6, para substituír o vehículo adscrito ó servizo, matrícula 6276HBV, polo de nova adquisición, matrícula 8973 KLP.

Dado que a documentación presentada, cumpre os requisitos esixidos no art. 21 do vixente Regulamento Municipal dos Servizos Urbanos de Transportes en automóbiles lixeiros, e de conformidade co disposto nos artigos 22 e 25.1 do devandito regulamento, acórdase acceder á substitución solicitada, polo vehículo de sete prazas, cor branca, marca Mercedes Benz-Vito Tourer 114 CDI, con 13,88 CV e nº de bastidor WDF44770313354621.

A comprobación de que o vehículo reúne os requisitos mínimos regulamentariamente esixidos deberá realizarse pola Policía Local, con carácter previo á súa posta en servizo.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/2826

Vista a proposta da Concellería de Xuventude a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Mr Misto Pro and Ser, para actividade Fantasío na Rúa, consistente na proxección de 18 películas de cine familiar en Vilagarcía centro e periferia, por importe de 8.712,00€ con cargo á partida 2314-22624.

PRP2018/2827

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento por importe total de 1.420,25 con cargo á partida 2314-213, para materiais para os locais de ensaio, coa seguinte desagregación:

Interiores Arousa, S.L. moquetas para as salas por importe de 704,44€.

Carlos Galbán Zaragoza diverso material técnico(parches, tensores, cables, etc.) por importe de 715,81€.

PRP2018/2828

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento do seguro de accidentes dos/as participantes da acción formativa obradoiro de ecopercusión, á empresa Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, por importe de 129,89€ con cargo á partida 2314-224.

PRP2018/2829

Vista a proposta das Concellerías de Xuventude e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o listado definitivo de solicitantes admitidos/as e excluídos/as no Campamento Urbano de Verán 2018 a levar a cabo no CEIP A Escardia, nas súas dúas modalidades: Servizo básico e complementario de comedor.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a citada listaxe.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo



PRP2018/2831

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de xuño de 2018 de aprobación do orzamento presentado por **Baños Print** para a edición de dípticos sobre as rutas de marisqueo da Agrupación Amarcarril, figurando no mesmo:

....por un importe total de 364,40€

E debendo figurar:

... por un importe total de 441,17€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2018/2847

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por **José Diego Naviero Casal (Cruceros Arosa)**, para a contratación dun barco para realizar o remonte do Río Ulla, o día 1 de xullo de 2018, por un importe total de 2.530,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 432.223.
- Aprobar as bases para a participación no sorteo e inscrición das persoas interesadas en participar na actividade.

O número de prazas dispoñibles é de 140, reservándose 10 para protocolo e as restantes 130 serán sorteadas conforme ás citadas bases.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Medio Ambiente

PRP2018/2830

Dáse conta do escrito presentado por augas de Galicia, remitindo o acordo de iniciación de expediente sancionador, en materia de desatención a un requirimento da Administración Hidráulica, por un vertido de augas residuais en condicións inadecuadas ao río do Con, na rúa Rodrigo de Mendoza, procedente das instalacións municipais de evacuación de augas pluviais ubicadas nese lugar. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/2848

Dáse conta da resolución do xurado sobre as propostas presentadas á convocatoria do *XI Premio pola Igualdade na Escola. Boas Prácticas*. Tal como consta na acta do xurado resultaron premiadas as seguintes:

- EEII Aralde-Sobrán: “A coeducación en Aralde”.
- CPR Sagrada Familia: “Educar na Escola”.
- AMPA San Martiño do CEIP Vilaxoán: “Eu son, Ti es, Ela é...”.

A Xunta de Goberno Local acorda o aboamento de 500 € a cada un dos gañadores, con cargo á partida 2312.48100, facendo efectivo o mesmo nas contas bancarias indicadas na proposta da Área de Igualdade.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/2833

Dáse conta dos convenios Económico-Cultural entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, para a súa posterior sinatura, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar prórroga dos citados convenios para o ano 2018, coa aportación económica a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril	G-36026151	1.800,00€	Lourdes Durán Pereira
Centro Cultural e Deportivo Sixto de Solobeira	G-36016038	1.800,00€	Eduardo Oubiña Castro
Asociación Cultural Recreativa Contra Vento e Marea	G-36172260	1.800,00€	Julia M ^a Balboa Coello

PRP2018/2834

Vista a solicitude de D. Jose Luís Villanueva Vicente, en representación da **Confraría de Pescadores de Carril**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Carril:

- Actuación da Coral Alento Xoven de Carril, o día 16 de xullo de 2018, por un importe de 225,00€.
- Actuación da Asociación Cultural Airiños do Carril, o día 16 de xullo de 2018, por un importe de 225,00 €

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/2835

Vista a solicitude de D. Carlos Álvarez Puga, Presidente da **Agrupación Micolóxica "A Cantarela"**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso das seguintes instalacións municipais con motivo da celebración das actividades do Outono Micolóxico 2018, no mes de novembro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización das mesmas:

- Sala de Conferencias, os días 12, 13, 14, 15 e 16 de novembro, a partir das 20:00 horas, para realizar as conferencias sobre cogomelos, e o día 24 a partir das 19:00hrs para a sesión de clausura.
- Praza da Peixería, os días 16, 17 e 18 de novembro para montaxe de 17:00hrs ata ás 21:00 hrs para celebrar XXV Festa dos Cogomelos.
- O pasillo que conduce ao bar, do día 11 ao 14 de novembro.
- Apertura do Auditorio o día 11 de novembro (domingo) en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 17:00 ata as 21:00 hrs.

Así mesmo acórdase a colaboración municipal coa cesión do material necesario, conforme á propia solicitude (mesas, cadeiras, megafonía, reserva de aparcamento, etc.)

Deberá aportar copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidente, así como copia de último recibo abonado.

Dar conta aos Servizos Municipais de Obras e Policía Local aos efectos oportunos.



PRP2018/2836

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias e Seminario 1 do Auditorio Municipal, nas datas que se indican para o desenvolvemento do Programa ARRUMÍ coa comunidade xitana, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- Seminario: 16-30 de xullo, 13 e 27 de setembro, 10 e 24 de outubro, 15 e 29 de novembro, 12 e 26 de decembro.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/2837

Visto o escrito presentado por D. Angel Vilas Fernández, como Presidente da **Federación Galega e Secretario do Club Xadrez de Fontecarmoa**, solicitando autorización para utilizar o Auditorio Municipal con motivo da celebración do Campionato Provincial de Xadrez os días 18, 19 e 20 de xaneiro de 2019, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase:

Autorizar a utilización da Sala de Conferencias en precario os días 18, 19 e 20 de xaneiro de 2019.

Autorizar a utilización da Sala de Exposicións os días 18, 19 e 20 de xaneiro de 2018.

Deberán presentar o seguro de responsabilidade civil e accidentes para esta actividade, así como copia do abono do mesmo.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de mesas e cadeiras.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/2839

Vista a proposta da Concellería de Cultura para aprobar o gasto, dun curso de iniciación á fotografía dixital, a Xunta Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Jose Luiz Oubiña De Moares Sarmiento** para a súa realización, así como a aprobación da instancia de inscrición, por importe de 2.300,00€ con cargo á partida 334-22640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/2840

Dáse conta da aceptación da desistencia do Concello de Vilagarcía de Arousa, á subvención outorgada para o financiamento de Enerxía Eléctrica Instalacións Deportivas Municipais. Plan



Concellos 2018-2019 Liña 2 e incorporar o crédito a cantidade que lle corresponden ao Concello no reparto inicial do Plan Concellos 2018-2019.. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2841

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa no Plan Concellos 2018-2019 Liña -2 Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, con destino a:

Expediente	Orzamento	Subvención
Prevenção do ciberacoso e o bo uso das tic`s (gasto corrente novo) por importe	3.974,85€	3.000,00€
Festival de estio con apego (gasto corrente novo)	16.822,99€	14.000,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/2842

Dáse conta do seguinte Informe do Arquitecto Técnico Municipal:

ASUNTO: VALORACIÓN DE PARCELAS

SITUACIÓN: Rúa Santa Lucia s/n

Ref. CATASTRAL : 9666121NH1196N0001SO e 9666123NH1196N0001UO

Trátase no presente informe de obter o valor de mercado das parcelas “F2” e “D2”, do proxecto de compensación do PERI da Escardía aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 20 de marzo de 1997, con referencias catastrais 9666121NH1196N0001SO e 9666123NH1196N0001UO.

INFORME – VALORACIÓN

O Contido básico do dereito de propiedade do solo e da súa valoración, ven reflectido no Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo (LS08) e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.

O solo a valorar, atópase en situación básica de solo urbanizado conforme o artigo 12.3 da LS08, e polo tanto seralle de aplicación o artigo 24.1 da devandita lei :

“1. Para la valoración del suelo urbanizado que no está edificado, o en que la edificación existente o en curso de ejecución es ilegal o se encuentra en situación de ruina física:

a) Se considerarán como uso y edificabilidad de referencia los atribuidos a la parcela por la ordenación urbanística, incluido en su caso el de vivienda sujeta a algún régimen de protección que permita tasar su precio máximo en venta o alquiler.

Si los terrenos no tienen asignada edificabilidad o uso privado por la ordenación urbanística, se les atribuirá la edificabilidad media y el uso mayoritario en el ámbito espacial homogéneo en que por usos y tipologías la ordenación urbanística los haya incluido.

b) Se aplicará a dicha edificabilidad el valor de repercusión del suelo según el uso correspondiente, determinado por el método residual estático.

....”

- O Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo, no seu artigo 20 establece o seguinte:

“Determinación del uso y edificabilidad de referencia del suelo urbanizado no edificado a efectos de valoración

1. Se considerarán como uso y edificabilidad de referencia los atribuidos a la parcela por la ordenación urbanística, incluido en su caso el de vivienda sujeta a algún régimen de protección que permita tasar su precio máximo en venta o alquiler.

2. Cuando se trate de suelo urbanizado sometido a actuaciones de reforma o renovación de la urbanización, se tomará la edificabilidad media ponderada del ámbito espacial en el que se integren.

3. Si los terrenos no tienen asignada edificabilidad o uso privado por la ordenación urbanística, se les atribuirá la edificabilidad media, así definida en el artículo siguiente, y el uso mayoritario en el ámbito espacial homogéneo en que por usos y tipologías la ordenación urbanística los haya incluido. A tales efectos, se entiende por ámbito



espacial homogéneo, la zona de suelo urbanizado que, de conformidad con el correspondiente instrumento de ordenación urbanística, disponga de unos concretos parámetros jurídico-urbanísticos que permitan identificarla de manera diferenciada por usos y tipologías edificatorias con respecto a otras zonas de suelo urbanizado, y que posibilite la aplicación de una normativa propia para su desarrollo.”

- O artigo 22 do Real Decreto 1492/2011 establece o seguinte:

“1. El valor en situación de suelo urbanizado no edificado, o si la edificación existente o en curso sea ilegal o se encuentre en situación de ruina física, se obtendrá aplicando a la edificabilidad de referencia determinada según lo dispuesto en el artículo anterior, el valor de repercusión del suelo según el uso correspondiente, de acuerdo con la siguiente expresión:

$$VS = \sum E_i \cdot VRS_i$$

Siendo:

VS = Valor del suelo urbanizado no edificado, en euros por metro cuadrado de suelo.

E_i = Edificabilidad correspondiente a cada uno de los usos considerados, en metros cuadrados edificables por metro cuadrado de suelo.

VRS_i = Valor de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados, en euros por metro cuadrado edificable.

2. Los valores de repercusión del suelo de cada uno de los usos considerados a los que hace referencia el apartado anterior, se determinarán por el método residual estático de acuerdo con la siguiente expresión:

$$VRS = \frac{Vv}{K} - Vc$$

Siendo:

VRS = Valor de repercusión del suelo en euros por metro cuadrado edificable del uso considerado.

Vv = Valor en venta del metro cuadrado de edificación del uso considerado del producto inmobiliario acabado, calculado sobre la base de un estudio de mercado estadísticamente significativo, en euros por metro cuadrado edificable.

K = Coeficiente que pondera la totalidad de los gastos generales, incluidos los de financiación, gestión y promoción, así como el beneficio empresarial normal de la actividad de promoción inmobiliaria necesaria para la materialización de la edificabilidad.

Vc = Valor de la construcción en euros por metro cuadrado edificable del uso considerado. Será el resultado de sumar los costes de ejecución material de la obra, los gastos generales y el beneficio industrial del constructor, el importe de los tributos que gravan la construcción, los honorarios profesionales por proyectos y dirección de las obras y otros gastos necesarios para la construcción del inmueble.”

Tendo en conta o exposto anteriormente, realizaremos a valoración das parcelas de referencia:

VALORACIÓN

DESCRIPCIÓN DAS PARCELAS

A descripción das parcelas a valorar “F2” e “D2” consta nas cédulas urbanísticas que se adxuntan, nas que figuran cunhas superficies de 162,40 m² e 158,25 m², respectivamente.

SITUACION URBANISTICA

Segundo figura no PXOM vixente, as parcelas atópanse dentro dun ámbito de planeamento incorporado correspondente o “Texto refundido do PERI da Escardia”, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 20 de marzo de 1997, para as que non se contempla ningún aproveitamento e se lles asigna usos de xardinería, esparcemento e deportivo.

MÉTODO RESIDUAL ESTÁTICO

En aplicación do art.20.3 do Real Decreto 1492/2011, sinalado anteriormente, as parcelas aplicaremoslle a edificabilidade media e o uso maioritario no ámbito do PERI da Escardia.

Parcela “F2”

Uso considerado : Vivenda de primeira residencia

Edificabilidade do uso considerado (E_i) : 184,61 m²

Valor da Construcción (Vc) : 780 €/ m²

Valor en venta do metro cadrado de edificación do uso considerado (Vv) : 1.200 €/m²

Valor de repercusión do solo en €/ m² edificable do uso considerado (VRS) : 77,14 €/m²

VALOR DO SOLO (VS)

184,61 m² x 77,14 €/m² = 14.240,81 €.

VALORACIÓN PARCELA “F2” : 14.240,81 €.



(Ascende o valor da Parcela "F2" a cantidade de catorce mil douscentos corenta euros con oitenta e un céntimos).

Parcela "D2"

Uso considerado : Vivenda de primeira residencia

Edificabilidade do uso considerado (Ei) : 179,89 m²

Valor da Construcción (Vc) : 780 €/m²

Valor en venta do metro cadrado de edificación do uso considerado (Vv) : 1.200 €/m²

Valor de repercusión do solo en €/m² edificable do uso considerado (VRS) : 77,14 €/m²

VALOR DO SOLO (VS)

179,89 m² x 77,14 €/m² = 13.876,71 €.

VALORACIÓN PARCELA "D2" : 13.876,71 €.

(Ascende o valor da Parcela "D2" a cantidade de trece mil oitocentos setenta e seis euros e setenta e un céntimos).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta a D. José Antonio Cortizo Nieto, propietario da parcela F2, aos efectos de que presente as alegacións que considere oportunas, coa finalidade de chegar a un acordo, si así se estima, sobre a permuta de ambas parcelas, aboando no seu caso o Concello ao Sr. Cortizo a diferenza de 364,10 €.

PRP2018/2843

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais;

O Concello de Vilagarcía de Arousa realizou obras de reparación de colector de saneamento municipal en Avda. Dr. Tourón que discurre polo arcén da estrada de titularidade autonómica PO-549 á altura do punto Kilométrico 0.380 na marxe esquerda. Solicitada a perceptiva autorización á C.I.V. , emiten autorización para a obra (EXPTE nº IF205Z2018/000051-4 e R.S. 17219/RX334917 de data 05-03-2018). En dita autorización establécese a seguinte condición particular: Reposición de todo o ancho de arcén-aparcamento, na lonxitude afectada, coa sección tipo 2 capas.

Ao Enxeñeiro Técnico Industrial, d. Oscar Alvarez González, ao servizo do Concello se lle solicita a redacción dunha memoria valorada que recolla a actuación de reposición de asfalto esixida na autorización e este redacta e da como resultado un orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 2.777,42€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a memoria valorada denominada "Reposición beiravía en PO-549 P.K. 0,830 M.I" redactada polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Álvarez González, cun importe (IVE excluído) de 2.295,39€ ao que lle corresponde un IVE (21%) de 482,03€, o que totaliza un importe de licitación de 2.777,42€ (IVE engadido).

PRP2018/2844

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de novembro de 2017, aprobouse o proxecto (2) Nº 01/62/2017 denominado "**MELLORAS DE ACCESIBILIDADE NAS TRAVESÍAS DE ALEJANDRO CERECEDO**", redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de licitación de 99.999,99€.

Tramitada licitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), dentro do prazo de presentación de ofertas, presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Melloras
DENUEVO PUNTO CREATIVO, SL	79.677,68€	16.732,31€	96.409,99€	Non presenta
SESTRAMA 09, SL	65.289,25€	13.710,74€	78.999,99€	Non presenta
NEMESIO ORDOÑEZ, SA	78.719,00€	16.530,99€	95.249,99€	A.2.1) Instalación completa de



				sistema de iluminación intelixente de paso de peóns. A.2.2) Subministro e plantación de liquidambar styracuflua worplesdon 30-35 cm CE. 1 ÁRBORE
QUIMIASFALT, SL	82.644,62€	17.355,37€	99.999,99€	Non presenta
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	79.611,56€	16.718,43€	96.329,99€	A.2.1) Instalación completa de sistema de iluminación intelixente de paso de peóns. A.2.2) Subministro e plantación de liquidambar styracuflua worplesdon 30-35 cm CE. (non especificando o número de unidades)
SERGONSA SERVICIOS, SL	78.510,00€	16.487,10€	94.997,10€	A.2.1) Instalación completa de sistema de iluminación intelixente de paso de peóns. A.2.2) Subministro e plantación de liquidambar styracuflua worplesdon 30-35 cm CE. 2 ÁRBORES
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L	82.644,62€	17.355,37€	99.999,99€	Non presenta
